

músicos ao vivo

manual de
Boas Práticas



Manifesto

Cando un músico está tocando, está traballando.

Aínda que estea unicamente por pasalo ben, sen cobrar nada...está realizando un traballo para e por conta de alguén (promotor ou empresario).

O traballo dun músico debe rexerse pola normativa legal.

É dicir, debe cumprir coas obrigas legalmente establecidas (Seguridade Social e IRPF). Por legalidade e por dignidade.

O Promotor é o responsable de cumprir coas obrigas legais.

Tanto das obrigas laborais como fiscais do músico.



Responsabilidades

- O músico, por definición legal, ten a consideración de **traballador por conta allea**; é dicir, non é responsable das obrigas fiscais e laborais na contratación de actuacións artísticas.
- A responsabilidade recae no **Empresario** (persoa, física ou xurídica, para quen se realiza o traballo e que controla a dirección e a organización do mesmo).
- Obrigas do empresario:
 - Dar de alta a cada músico individualmente na S.S.
 - Pagar o salario aos músicos ou ao portavoz dos mesmos.
 - Ingresar as deducións salariais (cotizacións á S.S. e retencións do IRPF) e aboar a cota patronal da S.S.

Subcontratación

- O organizador do espectáculo deberá solicitar ao empresario subcontratante toda aquela información necesaria para comprobar que aos traballadores se lles garanten todos os seus dereitos; en caso contrario, responderá solidariamente xunto a este.



Vantaxes das cooperativas

Para os músicos:

- Fomento do asociacionismo dos músicos.
- Dotar de máis forza ao colectivo de músicos.
- Opción de facturar amparado en todos os dereitos legalmente establecidos (alta na S.S.).
- Consideración de traballador por conta allea.
- Sinxeleza e exención de realizar calquera tarefa administrativa. Só ten que solicitar a factura.
- Custos da xestión axustados ao mínimo.
- Opción de facerse autónomo dentro da propia cooperativa polo tempo que estime oportuno.

Para o Promotor:

- Delegación da responsabilidade das tarefas administrativas, laborais e fiscais dos músicos na cooperativa.
- Factura procedente dunha soa entidade.

Máis información:

Para máis información visita a web de "Músicos ao Vivo".

www.musicosaovivo.com



FAQS

Son músico: ¿Que opcións teño para poder emitir unha factura? ¿teño que ser obrigatoriamente autónomo?

Non tes que ser obrigatoriamente autónomo. Incluso algunhas figuras societarias como as cooperativas de músicos, permiten cotizar polo réxime de autónomos sen perder a consideración de músico por conta allea.

As opcións para poder emitir unha factura son:

- Facerse autónomo.
- Constituírse como sociedade (C.B., S.L., S.A...).
- Actuar por medio dunha cooperativa de músicos.
- Ser contratados por medio dun representante de artistas ou máxager.

¿Quen ten a consideración de empresario?

O organizador do espectáculo público. Tamén os representantes artísticos cando actúen como organizadores ou empresarios de artistas.

¿Quen paga o salario ao músico?

Págao o empresario individualmente a cada artista ou ao director de grupo, quen despois repartirá entre todos os membros. En caso das cooperativas ou sociedades, o empresario pagará a cada artista.

¿Que lles pasa aos músicos que cobran actuacións no seu nome e despois reparten os honorarios entre os compoñentes do grupo?

O que pode ocorrer é que recibindo soamente unha parte, se lles impute a totalidade dos ingresos a efectos do pago do IRPF.

¿Teñen os músicos dereito ao desemprego?

Si, o artista que perde o seu posto de traballo ten dereito á prestación de desemprego nos mesmos termos que calquera outro traballador do réxime xeral.

¿Que cantidades percibidas por gastos da actividade non son salarios?

As axudas de custo, a quilometraxe, o desgaste das ferramentas de traballo, etc.

¿É obrigatorio facer un contrato de traballo por escrito?

Non é obrigatorio, aínda que si recomendable.



www.musicosaovivo.com

Tel.: 622 894 525



www.aie.es